

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1065	Recursos técnicos e cosméticos	2023/2024	6	187	224
MP1065_12	Recursos técnicos	2023/2024	6	40	48
MP1065_22	Recursos cosméticos	2023/2024	6	147	176

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MELCA FEIJÓO COVELO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coas empresas:

- Peluquería Princess
- Peluquería Alda
- Peluquería E. Belón
- Peluquería Beradel
- Peluquería Tamara
- Peluquería P&P
- Peluquería Artelis
- Peluquería 2000
- Tempus Imagen
- Peluquería Artoris
- Peluquería CórTEX
- Peluquería Bolboreta
- Peluquería Mónica
- Manuel Estilistas
- Ramos Estilistas

nos que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, lóxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas de nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- ¿ Director/ora técnico/a artístico/a en empresas de peiteado e en producións audiovisuais, escénicas e de moda.
  - ¿ Especialista en análise e tratamentos capilares.
  - ¿ Estilista.
  - ¿ Especialista en próteses capilares e postizaría.
  - ¿ Conselleiro/a avaliador/ora de empresas de peiteado.
  - ¿ Experto/a en coidados capilares en clientela con necesidades especiais.
  - ¿ Traballador/ora cualificado/a en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.
- 
- Técnico/a comercial.
  - Asesor/ora de imaxe.
  - Formador/ora técnico/a en peiteado.
  - Asesor/ora de venda e demostrador/ora de produtos e aparellos de peiteado.
  - Asesor/ora de prensa especializada en imaxe persoal e peiteado.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	83	20
2	Recursos cosméticos capilares e composición	Caracteriza os recursos cosméticos capilares, describindo os seus compoñentes.	33	15
3	Elaboración de produtos cosméticos	Prepara produtos cosméticos, organizando as operacións de elaboración.	30	15
4	Tipos de cosméticos, efectos e modo de actuación	Identifica cosméticos especiais e innovadores, analizando os seus efectos e o xeito de actuar.	30	15
5	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	15	10
6	Recursos en procesos de peiteado	Identifica os recursos empregados nos procesos de peiteado, analizando a súa tipoloxía e a normativa que deben cumprir.	11	5
7	Aparellos de peiteado. Aplicación	Caracteriza os aparellos capilares, aplicando e relacionando os efectos producidos coas súas indicacións.	11	10
8	Masaxe capilar	Caracteriza os tipos de masaxe capilar, relacionando os efectos coas técnicas que cumpra realizar.	11	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	83

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos cosméticos, organizando as operacións de elaboración.	NO
RA3 - Selecciona cosméticos capilares, tendo en conta a relación entre a súa composición e as indicacións.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Aplicáronse protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos, en condicións de seguridade e saúde.
CA2.11 Identificáronse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio necesarias para realizar os procesos de preparación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de seguridade e saúde.
CA2.13 Aplicáronse controis de calidade nos procesos de elaboración de fórmulas e preparacións cosméticas capilares.
CA2.14 Aplicáronse medidas para a xestión de residuos.
CA3.1 Identificáronse os cosméticos para a hixiene e o acondicionamento capilar.
CA3.5 Identificáronse os cosméticos adecuados ás aplicacións de traballos técnicos.
CA3.10 Xustificouse a elección do cosmético en cada tipo de alteración.
CA3.11 Especificáronse as pautas de manipulación, conservación, almacenamento e xestión de residuos dos produtos cosméticos.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Laboratorio cosmético: Equipamentos e material de laboratorio. Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde. Aplicación das medidas Control de calidade do proceso
Cosméticos para a hixiene e o acondicionamento capilar: composición e mecanismo de actuación; criterios de selección. Xampús: formulación e función de cada compoñente. Tipos de xampús. Xampús específicos para tratamentos capilares: características. Acondi Cosméticos complementarios á hixiene. Exfoliantes: composición, mecanismo de acción, indicacións e precaucións.
Cosméticos para cambios de forma temporal (fixadores) e permanente do cabelo (cosméticos para rizar e desrizar o cabelo): composición e mecanismo de acción; indicacións e precaucións. Modificacións na estrutura capilar nos cambios de forma temporal no ca Cosméticos de mantemento e protección do cabelo e do coiro cabeludo (hidratantes, protectores solares, etc.): composición, indicacións, xeito de actuar e formas cosméticas.
Cosméticos para aplicacións de traballos técnicos e tratamentos do talo capilar (restauradores capilares, máscaras, tinturas e descolorantes): composición, principios activos, mecanismo de acción e indicacións; criterios de selección. Cosméticos para alteracións do coiro cabeludo (deshidratación, seborrea, pitiriasi e alopecia): principios activos, accións, formas cosméticas e xeito de aplicación.
Produtos para pediculose (xampús e locións): composición e mecanismo de acción. Recomendacións para a aplicación no domicilio. Factores que determinan a eficacia.
Manipulación, conservación e almacenamento dos produtos cosméticos.



Contidos
Xestión de residuos. Coidado do ambiente.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Recursos cosméticos capilares e composición	33

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os recursos cosméticos capilares, describindo os seus compoñentes.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse as substancias e as mesturas químicas que interveñen nos cosméticos segundo a súa composición, o pH ou as reaccións químicas que establecen
CA1.2 Especificouse a función dos principios activos, excipientes e aditivos nos cosméticos.
CA1.3 Estableceuse a diferenza entre composición cuantitativa e cualitativa.
CA1.4 Avaliouse a importancia das concentracións das mesturas de substancias como auga oxixenada ou amoníaco nos efectos do cosmético sobre a fibra capilar e o coiro cabeludo.
CA1.5 Recoñecéronse os compoñentes externos do cosmético.
CA1.6 Establecéronse as indicacións que deben figurar na etiquetaxe do produto.
CA1.7 Identifícanse as características e as funcións das substancias máis utilizadas na elaboración dun cosmético.
CA1.8 Analizouse a lexislación sobre cosméticos e identifícanse as substancias prohibidas e as restrinxidas.
CA1.9 Identificouse a composición xeral e a parte externa dun cosmético comercial.
CA1.10 Identifícanse as vías e o grao de penetración dos cosméticos na pel e no pelo.
CA1.11 Clasifícanse os vectores cosméticos.
CA1.12 Vinculouse o emprego dos vectores cosméticos co aumento da eficacia dos principios activos que transportan.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Clasificación das substancias e as mesturas químicas que interveñen nos cosméticos segundo a súa composición, o pH ou as reaccións químicas que establecen.
Concepto de cosmético.
Composición xeral: principios activos, excipientes e aditivos.
Composición cualitativa e cuantitativa. Código INCI.
Parte externa do cosmético: elementos que a constitúen, envase, embalaxe, prospecto e etiqueta. Importancia do deseño para a venda. Packaging.
Análise da regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos. Substancias prohibidas e restrinxidas nos cosméticos.
Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos capilares (auga, auga oxixenada, amoníaco, compoñentes lipídicos e tensoactivos, siliconas cosméticas, etc.): funcións e efectos.

**Contidos**

Actuación dos cosméticos sobre a pel e o pelo: penetrabilidade e factores que inflúen nela.

Vectores cosméticos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de produtos cosméticos	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos cosméticos, organizando as operacións de elaboración.	SI
RA3 - Selecciona cosméticos capilares, tendo en conta a relación entre a súa composición e as indicacións.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Establecéronse as diferenzas entre sistemas dispersos homoxéneos e heteroxéneos.
CA2.2 Distingúronse os compoñentes das disolucións, os factores que afectan á solubilidade e a forma de expresar a súa concentración.
CA2.3 Identifícanse as fases e as propiedades das suspensións e das suspensións coloidais.
CA2.4 Caracterizáronse as emulsións en función da composición das súas fases.
CA2.5 Especificáronse as formas de presentación dos cosméticos.
CA2.6 Recoñeceuse a importancia do tipo de envase na determinación da forma cosmética.
CA2.7 Identifícanse as substancias, os materiais e as técnicas para a elaboración dunha fórmula cosmética.
CA2.8 Especificáronse as partes dunha fórmula cosmética (composición cuantitativa, modus operandi e características dos seus ingredientes).
CA2.9 Preparáronse fórmulas de cosméticos no laboratorio.
CA2.10 Aplicáronse protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos, en condicións de seguridade e saúde.
CA2.11 Identifícanse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio necesarias para realizar os procesos de preparación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de seguridade e saúde.
CA2.12 Realizouse o envasamento de preparacións cosméticas.
CA2.13 Aplicáronse controis de calidade nos procesos de elaboración de fórmulas e preparacións cosméticas capilares.
CA2.14 Aplicáronse medidas para a xestión de residuos.
CA3.2 Estableceuse o xeito de actuar dun cosmético de hixiene e un acondicionador.
CA3.3 Caracterizáronse os cosméticos de mantemento e protección.
CA3.4 Establecéronse os efectos dos cosméticos de tratamento sobre a fibra capilar.
CA3.6 Descríbense os mecanismos de acción dos cosméticos utilizados en procesos e traballos técnicos de peiteado.
CA3.7 Defínese o xeito de actuar dos principios activos contidos nos cosméticos para alteracións do coiro cabeludo.



Criterios de avaliación
CA3.8 Estableceuse o mecanismo de acción dos produtos para pediculose.
CA3.9 Estableceuse o protocolo de actuación ante un caso de pediculose.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Sistemas dispersos homoxéneos (disolucións) e heteroxéneos: tipos e características. Formas cosméticas: tipos e características; criterios de selección. Laboratorio cosmético: Equipamentos e material de laboratorio. Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde. Aplicación das medidas Control de calidade do proceso

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Tipos de cosméticos, efectos e modo de actuación	30

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica cosméticos especiais e innovadores, analizando os seus efectos e o xeito de actuar.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Estableceuse a finalidade dos cosméticos innovadores que se empregan en técnicas de electroestética.
CA4.2 Xustificouse o uso da nutricosmética como complemento ao tratamento.
CA4.3 Caracterizáronse os cosméticos que se vaian empregar en persoas usuarias con necesidades especiais.
CA4.4 Diferenciouse a cosmética natural da convencional.
CA4.5 Especificáronse os extractos vexetais e os aceites esenciais con efectos en alteracións capilares.
CA4.6 Estableceuse a relación dos principios activos de orixe mariña e os seus efectos.
CA4.7 Identificáronse os cosméticos termais con aplicación en alteracións capilares.
CA4.8 Relacionouse a composición química dos principios activos de nova xeración cos seus efectos e indicacións.
CA4.9 Valorouse a importancia de incorporar novos activos e excipientes nos procesos de peiteado.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Innovacións en cosmética asociada a técnicas electroestéticas.
Nutricosmética para o cabelo e as uñas: compoñentes principais, efectos e indicacións, criterios de clasificación e formas de presentación.
Cosméticos en persoas usuarias con necesidades especiais: características e propiedades específicas.
Cosmética natural en tratamentos capilares: Fitocosmética e aromaterapia: concepto. Concepto de extractos vexetais e aceites esenciais. Efectos e usos en peiteado. Cosmética mariña animal e vexetal. Cosmética termal empregada en tratamentos capilares (bar
Innovacións en cosmética capilar. Principios activos de nova xeración. Novos excipientes, filtros UV, etc.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Formación en empresa.	15

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os recursos empregados nos procesos de peiteado, analizando a súa tipoloxía e a normativa que deben cumprir.	NO
RA3 - Aplica os aparellos capilares, xustificando o protocolo de utilización.	SI
RA4 - Caracteriza os tipos de masaxe capilar, relacionando os efectos coas técnicas que cumpra realizar.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Recoñecéronse os equipamentos técnicos empregados en peiteado.
CA3.1 Interpretáronse os expedientes técnicos de funcionamento dos equipamentos.
CA3.2 Determináronse as normas de seguridade de cada aparello.
CA3.3 Estableceuse a secuencia de protocolos de aplicación dos equipamentos.
CA3.4 Seleccionáronse accesorios, utensilios e cosméticos en función das características de cada técnica.
CA3.5 Axustáronse os parámetros e a dosimetría ao protocolo de aplicación de técnicas e equipamentos.
CA3.6 Xustificáronse as normas e as precaucións de utilización.
CA3.7 Establecéronse as condicións de hixiene e desinfección de equipamentos, accesorios e materiais.
CA3.8 Aplicáronse protocolos de utilización e eliminación de materiais dun só uso.
CA3.9 Establecéronse pautas para o mantemento e o almacenamento de equipamentos e accesorios e materiais.
CA3.10 Determináronse as operacións de control do proceso.
CA3.11 Avaliouse o proceso e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras cando os resultados non sexan os previstos.
CA3.12 Avaliáronse os riscos na aplicación de equipamentos de tratamentos capilares
CA3.13 Identificáronse as medidas de emerxencia que cumpra tomar nas situacións de risco.
CA4.3 Xustificouse a secuencia das manobras dunha masaxe de tratamento capilar.
CA4.4 Estableceuse o percorrido, os efectos e o xeito de realización de cada manobra.
CA4.5 Determináronse os obxectivos da masaxe de hixiene capilar.
CA4.6 Estableceuse o protocolo de realización da masaxe de hixiene.

Criterios de avaliación
-------------------------

CA4.8 Estableceuse o protocolo de aplicación da DLM.
--

**4.5.e) Contidos**

Contidos
----------

Recursos electroestéticos (equipamentos de acción térmica e de acción química-mecánica, equipamentos xeradores de correntes eléctricas, equipamentos de radiacións electromagnéticas, etc.): clasificación e tipos

Documentación técnica: interpretación de manuais.

Operacións previas. Medidas de seguridade e precaucións na aplicación de equipamentos e aparellos.

Protocolo de uso e aplicación de equipamentos. Selección de accesorios e cosméticos, regulación de parámetros, secuencia, normas de utilización e precaucións. Manuais de procedementos.

Protocolos de hixiene, desinfección e/ou esterilización e precintaxe de materiais, equipamentos e accesorios.

Procedementos para a utilización e a eliminación do material dun só uso.

Mantemento e almacenamento de equipamentos e accesorios. Precaucións.

Supervisión do proceso e recollida de incidencias.

Avaliación de riscos na aplicación de equipamentos de tratamentos capilares.

Prevenición de accidentes e xeito de actuar fronte a eles.

Masaxe para a hixiene capilar: efectos; protocolo de realización.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Recursos en procesos de peiteado	11

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os recursos empregados nos procesos de peiteado, analizando a súa tipoloxía e a normativa que deben cumprir.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Determináronse os tipos de recursos.
CA1.3 Identificáronse os tipos de masaxe.
CA1.4 Estableceuse a clasificación dos cosméticos.
CA1.5 Analizouse a regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.
CA1.6 Comprobouse que os equipamentos e os accesorios cumpran os requisitos de seguridade exixidos pola normativa.
CA1.7 Especificáronse as normas de seguridade eléctrica.
CA1.8 Identificáronse os requisitos de instalación para aplicar técnicas de emisión de radiación electromagnética.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Clasificación dos recursos. Tipos de recursos.
Recursos manuais. Masaxes capilares: clasificación e tipos.
Recursos cosméticos: clasificación e tipos.
Regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.
Normativa de calidade de produtos e equipamentos.
Sistemas e normas de seguridade eléctrica. Requisitos de instalación para aplicar técnicas de emisión de radiación electromagnética. Normas sobre aparellos. Requisitos dos equipamentos electroestéticos.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Aparellos de peiteado. Aplicación	11

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os aparellos capilares, relacionando os efectos producidos coas súas indicacións.	SI
RA3 - Aplica os aparellos capilares, xustificando o protocolo de utilización.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Especificouse o funcionamento dos equipamentos de acción mecánica, térmica e química.
CA2.2 Identifícanse os tipos de correntes eléctricas utilizadas en peiteado.
CA2.3 Especificouse o funcionamento dos equipamentos baseados na aplicación de correntes eléctricas.
CA2.4 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de corrente e o seu xeito de actuar.
CA2.5 Recoñeceuse o fundamento científico dos aparellos emisores de radiacións electromagnéticas.
CA2.6 Establecéronse os efectos, as indicacións e as contraindicacións dos aparellos capilares.
CA2.7 Estableceuse a finalidade dos cosméticos que se empregan en técnicas de electroestética.
CA2.8 Analizáronse criticamente as novidades do sector.
CA3.1 Interpretáronse os expedientes técnicos de funcionamento dos equipamentos.
CA3.2 Determináronse as normas de seguridade de cada aparello.
CA3.3 Estableceuse a secuencia de protocolos de aplicación dos equipamentos.
CA3.4 Seleccionáronse accesorios, utensilios e cosméticos en función das características de cada técnica.
CA3.5 Axustáronse os parámetros e a dosimetría ao protocolo de aplicación de técnicas e equipamentos.
CA3.6 Xustificáronse as normas e as precaucións de utilización.
CA3.7 Establecéronse as condicións de hixiene e desinfección de equipamentos, accesorios e materiais.
CA3.8 Aplicáronse protocolos de utilización e eliminación de materiais dun só uso.
CA3.9 Establecéronse pautas para o mantemento e o almacenamento de equipamentos e accesorios e materiais.
CA3.10 Determináronse as operacións de control do proceso.
CA3.11 Avaliouse o proceso e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras cando os resultados non sexan os previstos.

Criterios de avaliación
CA3.12 Avaliáronse os riscos na aplicación de equipamentos de tratamentos capilares
CA3.13 Identificáronse as medidas de emerxencia que cumpra tomar nas situacións de risco.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Equipamentos xeradores de calor: clasificación, descrición, fundamento científico, efectos, indicacións e contraindicacións. Efectos da calor seca e húmida no cabelo e no coiro cabeludo, e nos procesos de peiteado.
Equipamentos de acción químico-mecánica: tipos, descrición, fundamento científico, efectos, indicacións e contraindicacións. Tipos: compresores (vacuumterapia), vibradores, xeradores de ozono seco, etc.
Clasificación das correntes eléctricas empregadas en peiteado: correntes continuas e correntes variables.
Equipamentos xeradores de corrente variable: alta frecuencia e alta frecuencia diatermia. Características, fundamento científico, efectos, indicacións e contraindicacións en tratamentos capilares. Criterios de selección.
Equipamentos xeradores de corrente continua ou galvánica: características, fundamento científico, efectos, indicacións e contraindicacións. Criterios de selección dos cosméticos que hai que empregar cos equipamentos de corrente galvánica.
Introdución ás radiacións electromagnéticas: fundamento físico, clasificación e radiacións electromagnéticas con aplicación en peiteado.
Equipamentos emisores de radiacións electromagnéticas: equipamentos de radiación infravermella, de radiación ultravioleta, e de radiación láser, luz LED e luz pulsada. Características. Fundamento científico, efectos, indicacións e contraindicacións..
Asociación das técnicas en dermaticoloxía.
Innovacións de técnicas e equipamentos.
Documentación técnica: interpretación de manuais.
Operacións previas. Medidas de seguridade e precaucións na aplicación de equipamentos e aparellos.
Protocolo de uso e aplicación de equipamentos. Selección de accesorios e cosméticos, regulación de parámetros, secuencia, normas de utilización e precaucións. Manuais de procedementos.
Protocolos de hixiene, desinfección e/ou esterilización e precintaxe de materiais, equipamentos e accesorios.
Procedementos para a utilización e a eliminación do material dun só uso.
Mantemento e almacenamento de equipamentos e accesorios. Precaucións.
Supervisión do proceso e recollida de incidencias.
Avaliación de riscos na aplicación de equipamentos de tratamentos capilares.
Prevenção de accidentes e xeito de actuar fronte a eles.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Masaxe capilar	11

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza os tipos de masaxe capilar, relacionando os efectos coas técnicas que cumpran realizar.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Estableceuse o concepto de masaxe capilar.
CA4.2 Identificáronse os efectos xerais da masaxe capilar.
CA4.3 Xustificouse a secuencia das manobras dunha masaxe de tratamento capilar.
CA4.4 Estableceuse o percorrido, os efectos e o xeito de realización de cada manobra.
CA4.5 Determináronse os obxectivos da masaxe de hixiene capilar.
CA4.6 Estableceuse o protocolo de realización da masaxe de hixiene.
CA4.7 Especificáronse os efectos e as manobras da drenaxe linfática.
CA4.8 Estableceuse o protocolo de aplicación da DLM.
CA4.9 Establecéronse as indicacións e as contraindicacións de cada tipo de masaxe.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Masaxe capilar: concepto; efectos fisiolóxicos.
Masaxe de tratamento capilar: tipos de manobras e efectos; protocolo de realización; indicacións e contraindicacións.
Masaxe para a hixiene capilar: efectos; protocolo de realización.
Masaxe de drenaxe linfática capilar: efectos; tipos de manobras; protocolo de realización; indicacións, precaucións e contraindicacións.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada una das unidades didácticas).  
a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas.

### AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento central da práctica educativa. A información que proporciona servirá como punto de partida para a actuación pedagóxica.

A avaliación debe realizarse en tres momentos:

Avaliación inicial que permite saber aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa cosmovisión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.

Avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

### SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avaliaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Nas avaliacións realizaranse probas escritas, que abranguen exames, cuestionarios, etc e que constituirán o noventa por cen da nota, sendo un dez por cento reflectido aso traballos, cuestionarios ou outras actividades propostas polo docente

A nota de cada avaliación será a nota media obtida entre todas as probas avaliadas sempre que se obteña mais dun 4.5 en cada proba ponderado dita nota media ao 90% xunto co 10% que corresponde a media dos traballos realizados esa avaliación.

Si alguna das probas avaliadas é inferior ao 4.5, ou cando a media ponderada dos exames e traballos non chega ao 5 a avaliación terá como máximo un 4,

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación será: aqueles que teñan a lo menos un 4.5 en cada proba e na entre a media das probas escritas mas os traballos (que son o 10% da nota) den mais dun 5.. Se tras realizar o calculo da nota quedan decimais procederase da seguinte maneira:

-Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso

-Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota en alguna proba que non acade os 4.5 puntos, ou que a media ponderada entre a media das probas escritas e media dos traballos non chegue ao 5, , terá na avaliación coma máximo un 4

A nota final do curso obtida polo alumno/a será a media das notas obtidas nas avaliacións sempre que estén aprobadas

Sancionarase coa cualificación dun un nesa avaliación cando se comprobé que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar as probas porque copiara ou

realizara condutas similares.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As clases de recuperación desenvolveranse de acordo a un calendario no que os/as alumnos/as xunto co profesor/a repartirán a materia en bloques para cada un dos días establecidos. Estes días os alumnos/as deberán traer a parte teórica preparada para poder consultar dúbidas e facer as prácticas correspondentes.

\*Ao remate do período de recuperación os/as alumnos/as someterase a unha proba teórica (100%), onde o alumno necesitará acabar un 5 sobre 10 para superala, sendo esta a nota da recuperación

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non procede, non se prevé que curse ciclos formativos na modalidade dual, alumnado que non asista ás actividades do ciclo, en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Nas reunións de departamento tratarase de forma habitual o cumprimento da programación didáctica o longo do curso  
O sistema de calidade fai necesario unha revisión trimestral do cumprimento da programación e a planificación das medidas correctivas pertinentes de cara o resto do curso.

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

O comenzo das actividades do curso. Transcurrido polo menos 1 mes o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan  
O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

De haberen alumnos con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motores, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e programas específicos de intervención coa axuda do departamento de orientación.

### **9. Aspectos transversais**

#### **9.a) Programación da educación en valores**

##### **EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA**

Pretende educar no pluralismo en dúas direccións: O respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como forma de solución de diferencias. Relaciónase cos contidos actudiniais. O comportamento cívico ten que ver coas actitudes mediante as que se poñen de manifesto a orde, a precisión e coidado na realización e presentación de tarefas e no uso adecuado dos instrumentos propios e da comunidade educativa; tamén no

respecto que os alumnos deben ter con outros enfoques diferentes ós seus na resolución das diferentes tarefas.

Este tema transversal ten moita importancia na familia de Imaxe persoal e trátase en todos os módulos xa que o alumno debe respectar en todo momento o traballo dos seus compañeiros e valorar e coidar como propios todas as instalacións, os materiais e recursos educativos dos que dispón o centro educativo.

É necesario que todo profesional teña claramente establecidos criterios de cómo o seu facer profesional pode afectar ó medio ambiente e o xeito de actuación para evitar, mitigar ou remediar o dano ambiental real ou potencial.

Por outra banda, consideramos decisivo impulsar un cambio de valores, adquirindo una importancia significativa o respecto e defensa do medio ambiente.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares prográmanse co obxecto de asistir a exposicións, mostras ou visitas a instalacións ou establecementos relacionadas coa familia de Imaxe Persoal.

Non son fixas dependendo do curso e datas nas que se realizan os eventos polo que non podemos planificalas con moita anterioridade O obxecto das actividades complementarias previstas polo departamento é familiarizar os alumnos co seu futuro traballo profesional.

Xustifícanse pola necesidade que teñen os profesionais da familia de Imaxe Persoal que, de forma continua, deben adaptarse aos cambios tecnolóxicos provocados polas novas demandas, cada vez máis específicas, producindo cambios na súa actividade profesional, de xeito que a implantación destas novas técnicas baséase no uso de equipamentos cada vez máis sofisticados e de produtos cosméticos con maior especificidade e actividade. Lévanse a cabo, de forma xeral, na propia aula. Aínda que están integradas nun módulo concreto, formando parte dos procedementos e se é posible dentro do seu horario lectivo, inténtase que sexan o máis abertas posibles; de feito poden implicar aos dous cursos dun mesmo ciclo, aos dous ciclos medios ou incluso a todos os alumnos dos ciclos formativos.

Exposicións e demostracións de tratamentos relacionados cos diferentes módulos

## 10.Outros apartados

### 10.1) Varios

#### METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DO ENSINO A DISTANCIA

**SEMI PRESENCIAL:** No centro adoptáronse as medidas para optar polo ensino presencial. Se por motivos de saúde pública (como foi nos cursos previos a pandemia do COVID) ou por motivos de saúde persoal do alumnado, este no pode asistir o ensino presencial, o procedemento a seguir con este alumnado é o mesmo que no suposto de clases non presenciais.

**NON PRESENCIAL:** Co alumnado que non poda asistir ao centro por motivos de saúde pública ou persoal (citado no apartado previo) o ensino será non presencial. O procedemento será o seguinte. O profesor indicará na aula virtual e/ou google classroom ou por correo electrónico as actividades a realizar, explicacións de contidos, correccións de exercicios... Tamén será a canle de contacto para resolver dúbidas e planificar videoconferencias (Zoom e/ou Webex). No caso de alumnado que non dispoña de medios telemáticos a información se lle comunicará por correo postal.

### 10.2) Baixa

Procederase á baixa de oficio cando un alumno ou unha alumna acumule o número de faltas inxustificadas a que se fai referencia no artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011.

a) Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumnado que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicárase a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula en caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos. En caso de que se produza a baixa, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa.

b) Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas non se terán en consideración os días previos á formalización da matrícula.